

CUARTO EJERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DA CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE INVESTIGACIÓN, ESPECIALIDADE BIOLOXÍA (ACUICULTURA), GRUPO III, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, VACANTES NO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

1. De acordo co artigo 27 da Constitución Española:
 - a. Recoñécese a autonomía das Universidades, nos termos que a lei estableza.
 - b. Recoñécese a autonomía das Universidades, en todo caso.
 - c. Recoñécese a autonomía das Universidades, en todo o que estea regulado internamente.
2. De acordo co artigo 29 da Constitución Española:
 - a. Todas as persoas terán dereito de petición individual e colectiva, por escrito e oralmente.
 - b. Todos os españois terán o dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.
 - c. Todas as persoas terán dereito de petición individual pero non colectiva e por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.
3. No artigo 23 da Constitución Española, os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos:
 - a. Unicamente por medio de representantes.
 - b. Unicamente de forma directa.
 - c. Directamente ou por medio de representantes.
4. Cal das seguintes **non** é unha forma de provisión recollida no Convenio colectivo para o persoal laboral da USC?:
 - a. Libre designación.
 - b. Redistribución de efectivos.
 - c. Oposición.
5. Segundo o artigo 21 do Convenio colectivo do persoal laboral, o concurso permanente de traslados:
 - a. Utilizarase para prover os postos singularizados dos grupos I, II, III e IV.
 - b. Poderán concursar os que pertencen á mesma ou distinta categoría e especialidade, e terán que transcorrer dous anos desde a obtención do último destino definitivo.
 - c. A valoración dos méritos para a adxudicación de postos de traballo levarase a cabo de conformidade cos baremos en vigor.
6. Segundo o artigo 49 do Convenio colectivo do persoal laboral, considéranse retribucións complementarias:
 - a. Plus de categoría.
 - b. Trienios.
 - c. Pagas extraordinarias.
7. Segundo o artigo 62 do Convenio colectivo de persoal laboral, en canto ao réxime de incompatibilidades:
 - a. O traballador deberá solicitar a compatibilidade, só para o exercicio de actividades públicas, con carácter previo ou posterior ao seu desenvolvemento.
 - b. O traballador formalizará por escrito unha declaración de non estar afectado de incompatibilidade.
 - c. O traballador deberá solicitar a compatibilidade, tanto para o exercicio de actividades públicas como actividades persoais, aínda que sexa posterior ao seu desenvolvemento.
8. Segundo o Réxime disciplinario regulado no Convenio colectivo do persoal laboral, no seu artigo 69, sinala a resposta **incorrecta**:
 - a. Os traballadores poden ser sancionados polo reitor, en virtude de incumprimentos laborais, segundo a gradación de faltas e sancións que se establecen.
 - b. As faltas disciplinarias dos traballadores, cometidas con ocasión ou como consecuencia do seu traballo, poden ser leves, graves ou moi graves.
 - c. O incumprimento das ordes e instrucións dos superiores considérase unha falta moi grave.

9. De acordo cos Estatutos da USC, o persoal de administración e servizos:
 - a. Será retribuído con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.
 - b. Será retribuído con cargo aos orzamentos da USC.
 - c. Será retribuído con cargo aos orzamentos do Estado.
10. O persoal de administración e servizos da USC depende:
 - a. Orgánicamente do Reitor e funcionalmente da dirección do centro, departamento ou servizo ao que está adscrito o seu posto de traballo.
 - b. Orgánicamente da dirección do centro, departamento ou servizo ao que está adscrito o seu posto de traballo e funcionalmente da Xerencia.
 - c. Orgánicamente da Xerencia e funcionalmente do centro, departamento ou servizo ao que está adscrito o seu posto de traballo.
11. O Regulamento do persoal de administración e servizos:
 - a. Apróba o Consello Social a proposta do Consello de Goberno, no marco das bases que estableza o Claustro.
 - b. Apróba o Consello de Goberno no marco das bases que estableza o Claustro.
 - c. Apróba o Consello de Goberno, previo informe do Consello Social.
12. A relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos:
 - a. Establecerase e publicarase anualmente.
 - b. Apróba o Consello de Goberno, a proposta da Xerencia, previo informe do Claustro.
 - c. Non se negocia cos órganos de representación de persoal.
13. A USC aprobará a súa oferta de emprego público:
 - a. Logo da negociación cos órganos de representación de persoal.
 - b. Preverá, nalgún caso, a porcentaxe de vacantes que se convocarán a promoción interna.
 - c. Non se negocia cos órganos de representación de persoal.
14. Con respecto aos órganos xerais da USC:
 - a. O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na USC.
 - b. O Claustro Universitario será elixido cada 5 anos.
 - c. O Consello de Goberno é o máximo órgano representativo da comunidade universitaria.
15. **Non** son competencias do Consello de Goberno da USC:
 - a. A elección e, de ser o caso, revogación do Defensor da Comunidade Universitaria, a aprobación do seu Estatuto e o debate do seu informe anual.
 - b. Crear escalas de persoal de administración e servizos non consideradas nos presentes estatutos e establecer o seu réxime retributivo.
 - c. Aprobar calquera norma regulamentaria non atribuída expresamente a outro órgano de goberno nestes Estatutos.
16. O Xerente ou a Xerenta da USC:
 - a. Será proposto polo Consello Social e nomeado polo Reitor ou a Reitora da USC.
 - b. Exercerá, baixo a dependencia do Reitor, a xestión dos servizos administrativos exclusivamente.
 - c. Cesará do seu cargo por dimisión ou por decisión do Reitor. En ambos os casos serán informados o Consello Social e o Claustro Universitario.
17. Segundo os Estatutos da USC, son competencias do Reitor ou a Reitora:
 - a. A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Universidade.
 - b. A coordinación da Asesoría Xurídica da Universidade.
 - c. Dirixir e coordinar os servizos económicos e administrativos da Universidade.
18. O Real decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, no seu artigo 52 indica entre outros aspectos que:
 - a. Os empregados públicos deberán desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas
 - b. Os empregados públicos deberán velar polos intereses particulares con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.
 - c. Os empregados públicos deberán velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución exclusivamente.

19. O Real decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, no seu artigo 52 indica que deberán actuar de acordo a determinados principios, entre eles **non se atopa**:
- Imparcialidade.
 - Confidencialidade.
 - Dedicación ao servizo público e privado.
20. De acordo co artigo 19 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, (sinale a resposta **incorrecta**):
- A formación dos traballadores poderase impartir pola empresa mediante medios propios ou concertándola con servizos alleos, e o seu custo recaerá sobre os empresarios e os traballadores.
 - A formación deberá estar centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada traballador.
 - A formación debe adaptarse á evolución dos riscos e á aparición doutros novos e repetirse periodicamente, si fose necesario.
21. De acordo co artigo 21 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cando os traballadores estean ou poidan estar expostos a un risco grave e inminente con ocasión do seu traballo, o empresario está obrigado a:
- Informar cando o considere conveniente a todos os traballadores afectados acerca da existencia de devandito risco e das medidas adoptadas ou que deban adoptarse en materia de prevención
 - Informar canto antes aos representantes dos traballadores afectados acerca da existencia do devandito risco e das medidas adoptadas ou que deban adoptarse en materia de prevención.
 - Informar canto antes a todos os traballadores afectados acerca da existencia de devandito risco e das medidas adoptadas ou que deban adoptarse en materia de prevención.
22. De acordo co artigo 23 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, quen estará obrigado a notificar por escrito á autoridade laboral os danos para a saúde dos traballadores ao seu servizo que se produciron con motivo do desenvolvemento do seu traballo?:
- O empresario.
 - O empresario e os representantes dos traballadores.
 - O traballador afectado.
23. De acordo co artigo 16 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o Plan de prevención de riscos laborais deberá incluír, entre outros aspectos (sinale a **incorrecta**):
- A estrutura organizativa, as responsabilidades e as funcións.
 - As prácticas, os procedementos e os recursos necesarios.
 - As faltas e as sancións a impor si non se cumpre o Plan por parte do empresario.
24. Segundo o Regulamento do uso do galego na USC, a responsabilidade institucional do cumprimento do uso do idioma galego, así como as accións de normalización lingüística en xeral é de:
- Toda a comunidade universitaria
 - Dos órganos de goberno da Universidade.
 - Do PDI e do PAS en xeral.
25. Segundo o Regulamento do uso do galego na USC, as comunicacións formais entre centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela:
- Realizarase indistintamente en galego e castelán.
 - Realizarase en galego.
 - Realizarase en galego si así o decide o centro ou servizo correspondente.
26. Dentro dos dereitos lingüísticos na administración da USC (sinale a **incorrecta**):
- Temos dereito a dirixirnos oralmente e por escrito en galego.
 - Temos dereito a presentar en galego todos os documentos que presentemos.
 - Temos dereito a presentar en galego só os documentos relativos á matrícula.
27. Segundo os Estatutos da USC, a/s lingua/s propia/s da USC:
- É a lingua galega.
 - Son o castelán e o galego en igualdade de condicións.
 - Son o castelán e o galego como linguas oficiais de Galicia.

28. O III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da USC:
- Aprobouno o Consello de Goberno da USC en 2021.
 - Comprende do 2021 ao 2028.
 - Está aínda vixente o II Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da USC.
29. A USC levará a cabo a defensa da igualdade entre mulleres e homes coa promoción da súa participación igualitaria na toma de decisións, tal como dispóñen os Estatutos. Co fin de facer efectivo o obxectivo de igualdade aquí proclamado, créase:
- A Oficina de Igualdade de Xénero.
 - A Oficina de Igualdade de Mulleres e Homes.
 - A Oficina da Muller.
30. A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 25, fala da igualdade no ámbito da educación superior, especificando que as administracións públicas promoverán:
- A realización de estudos e investigacións non especializadas na materia.
 - A inclusión, nos plans de estudo en que proceda, de ensinanzas en materia de igualdade entre homes e mulleres.
 - A creación de unidades administrativas especializadas de docencia en temas de igualdade.

Preguntas de reserva (3)

31. Sinala a resposta **incorrecta** con respecto aos dereitos lingüísticos na USC:
- Temos dereito a dirixirnos oralmente e por escrito na USC en galego.
 - Temos dereito a ser atendidos oralmente en galego en calquera servizo ou unidade administrativa da USC.
 - O persoal da USC que atenda ao público dirixirase aos cidadáns en galego, salvo os estranxeiros que serán atendidos en castelán.
32. De acordo co artigo 29 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o incumprimento das obrigacións por parte dos traballadores en materia de prevención de riscos terá a consideración:
- Incumprimento laboral aos efectos previstos no artigo 85.1 do Estatuto dos Traballadores.
 - Sanción conforme ao establecido na correspondente normativa sobre réxime disciplinario dos funcionarios públicos ou do persoal estatutario ao servizo das Administracións públicas.
 - Non se considera unha falta conforme ao establecido na correspondente normativa sobre réxime disciplinario dos funcionarios públicos ou do persoal estatutario ao servizo das Administracións públicas.
33. De acordo ao artigo 21 da Constitución Española, o dereito de reunión pacífica e sen armas:
- Nunca necesitará comunicación previa.
 - Sempre require comunicación previa.
 - Require comunicación previa á autoridade nos casos de reunións en lugares de tránsito público.